



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica

Convenio Colectivo 2008

## UN ÚLTIMO ESFUERZO

Hai convocado un Pleno extraordinario do Comité Intercentros para o próximo día 2 de xullo. Todo parece indicar que nesa data, ou en algunha moi próxima, se asinará o Convenio Colectivo de Telefónica.

Non vai ser un bo Convenio pola actitude dalgúns sindicatos, que preferiron pregarse aos intereses da empresa que escoitar os milleiros de voces dos compañeiros e compañeiras que viñemos parando a favor das reivindicacións dos traballadores e traballadoras e en contra das perigosas propostas da empresa. Non vai ser bo porque non mellora nada do que xa tiñamos no pasado Convenio Colectivo e si pon en perigo de maneira grave o futuro das nosas condicións laborais e salariais.

Se temos en conta o último texto entregado pola empresa, como xa dixemos nun comunicado anterior, **hai marxe de mellora** e debemos forzar á empresa a ser máis xenerosa economicamente. Tamén debemos loitar para que non se asine (ou traslade a mesas de negociación) este modelo de Clasificación Profesional e a nova Táboa Salarial, con Salarios Base para os futuros empregados moi por debaixo dos actuais.

Porque veñen as vacacións, o día 26 é o último día no que podemos reivindicar o que nós queremos e rexeitar o que non queremos. Se queren asinar un convenio que nos vai afectar a todos, afiliados e non afiliados, **deberían consultar a todos** e ter en conta a opinión maioritaria dos traballadores. Como semella que non se consultará o texto definitivo co Cadro de Persoal, parar o vindeiro 26 serve para dicir **NON** a este último texto entregado pola empresa.

Os sindicatos convocantes dos paros sentímonos moi orgullosos do traballo feito e da importante resposta do cadro de persoal. Mais sentímonos tamén decepcionados porque coa boa marcha da empresa, esta semellaba a ocasión perfecta para conseguir melloras que outros non souberon, ou non quixeron esixir e forzar. Non quixeron facer paros porque **"aínda estaban negociando"**, tragan co modelo de Clasificación Profesional e outras pretensións da empresa, e cando esta di que non vai máis alá, eles calan e intentan vendernos como positivo un texto que non mellora en nada o que xa había. Teñen logo que explicar as melloras en asuntos como a saúde bucodental ou o médico de cabeceira en Antares, calando sobre o que é máis importante.

**Non é hora de facer balance porque esto non rematou.** O paro do día 26 é moi importante nesta fase da loita, aínda se lle poden arrancar cousas á empresa. Que saiban, tanto a dirección da empresa como os que traizoan os intereses colectivos dos traballadores, que a CIG estará na loita constante contra quen intenta empeorar as nosas condicións laborais e salariais, intentando sumar apoios de outras forzas sindicais como fixemos nesta convocatoria conxunta de paros.

**MÁIS CA NUNCA, CONTINUAMOS NA LOITA**

**POR UN CONVENIO XUSTO**

Loita coa CIG pola defensa dos teus dereitos.  
Non te limites a escoitar, faite oír.

Galiza, 24 de xuño de 2008

[www.cigtelefonica.com](http://www.cigtelefonica.com)